

dereito, se non dispuxese doutra vivenda, e salvo que esta fose expropriada, a continuar en arrendamento da casa de labranza e nun dez por cento da superficie total das leiras arrendadas ou dadas en parcería á súa elección, cun máximo de 0,25 ha, ata o falecemento deste e do seu cónxuge, pagando a renda pertinente que sexa a usual na comarca para casa e leiras análogas, sen que poida exceder do que paga o arrendatario ou parceiro pola totalidade das leiras.

#### Artigo 10º

No suposto dunha expropiación forzosa, total ou parcial, dun predio sobre o que recaia un arrendamento ou parcería histórica, practicaranse as actuacións e indemnizacións separadamente tanto co propietario coma co arrendatario ou parceiro cultivador, recoñecendo se paradamente as súas respectivas titularidades.

#### Disposición transitoria

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá á constitución das xuntas de estimación provinciais referidas nesta lei no prazo máximo de seis meses.

#### Disposiciones adicionais

**Primeira.**—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes elaborará no prazo de un ano unha relación circunstanciada na que se recollan os arrendamentos e as parcerías a que se refire esta lei.

**Segunda.**—En todo o non regulado na presente lei, será de aplicación, respecto das causas de extinción contractual e réxime xurídico xeral, o disposto no Código civil e na lexislación especial de arrendamentos rústicos de 1980.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1993.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

#### Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 11 de marzo de 1993 pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 39º 5 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece que poderán cursarse en escolas específicas, sen limitación de idade, estudos de música ou de danza, que non poderán conducir á obtención de títulos con validez académica e profesional. A regulación destas escolas resérvase ás administracións educativas.

Estas escolas específicas de música e danza deben dedicarse á formación de afeccionados e á preparación das probas de acceso ós estudos conducentes á titulación daquelas persoas que teñan vocación e aptitudes para estas disciplinas.

Recóllese nesta orde a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia, á que alude a propia Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo na súa disposición adicional décimo séptima.

Por último, e con independencia da liberdade de apertura de centros de ensinanza non conducentes á titulación recollida na LOXSE, ofréceselles ós promotores privados a posibilidade de acceder a este modelo e, polo tanto, ás vantaxes inherentes a unha concepción formativa con virtudes contrastadas e recoñecidas pola Administración, formando parte dunha rede de centros vinculados a partir dunha identidade de obxectivos e funcións.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

#### DISPÓN

##### Primeiro.

A presente orde regula as escolas específicas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia ás que fai referencia o artigo 39º 5 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

##### Segundo.

1. As escolas de música e danza terán como finalidade xeral ofertar unha formación práctica en música, danza, ou conjuntamente nas dúas disciplinas, dirixida a afeccionados de calquera idade, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais dos que teñan unha especial vocación e aptitude.

2. Os estudos de música e danza cursados nestas escolas específicas non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.

##### Obxectivos das escolas de música e danza.

##### Terceiro.

As escolas de música terán os seguintes obxectivos:

a) Fomenta-lo coñecemento e apreciación da música, iniciando os nenos, desde os primeiros anos, na súa aprendizaxe.

b) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical, sen límite de idade.

c) Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumno así o aconelle, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada para acceder ó dito ensino.

d) Ofrecer un ensino instrumental, orientado tanto á práctica individual como á práctica de conxunto.

e) Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental.

f) Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.

g) Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter aficionado.

Cuarto.

As escolas de danza terán como obxectivos:

- a) Fomenta-lo coñecemento e apreciación da danza, iniciando os nenos, desde os primeiros anos, na súa aprendizaxe.
- b) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación na danza, sen límite de idade.
- c) Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes así o aconsellen, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada para acceder ó dito ensino.
- d) Proporcionar unha formación no movemento e na danza.
- e) Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións de danza.
- f) Organizar actuacións públicas e participar en actividades de carácter afeccionado.

Ensinanzas das escolas de música e danza

Quinto.

- 1. As escolas de música deberán abracer, como oferta básica, os seguintes ámbitos de actuación:
  - a) Música e movemento para nenos en idades comprendidas entre os catro e os oito anos.
  - b) Práctica instrumental, sen límite de idade.
  - c) Formación musical, complementaria á práctica instrumental.
  - d) Actividades instrumentais e vocais de conxunto.
- 2. As escolas de música deberán realizar unha oferta coherente de formación instrumental que posibilite a práctica da música en grupo.
- 3. No ámbito de actividades instrumentais e vocais de conxunto, as escolas de música deberán incluír, polo menos, unha agrupación vocal e outra instrumental.
- 4. A inscrición en calquera das ensinanzas de práctica instrumental de alumnos maiores de oito anos deberán simultanearse coa participación en materias de formación musical complementaria ou nunha actividade de conxunto.

Sexto.

- 1. As escolas de danza deberán abracer, como oferta básica, os seguintes ámbitos de actuación:
  - a) Música e movemento para nenos en idades comprendidas entre os catro e os oito anos.
  - b) Danza, que poderá referirse ás diferentes formas de danza escénica ou popular.
- 2. Para cursa-las modalidades de danza resultantes do desenvolvemento que realicen as diferentes escolas en relación co apartado b), será necesario ter cumprido

dos oito anos de idade. Os alumnos con idades inferiores deberán inscribirse nas ensinanzas de música e movemento.

Sétimo.

1. No anexo á presente orde recóllese as orientacións metodolóxicas sobre os ámbitos de ensino citados nos números anteriores.

2. As escolas de música e danza poderán ampliar a súa oferta con outras materias, sempre que sexan compatibles cos obxectivos citados nesta orde. Entre elas, poderán desenvolver actividades de música ou danza para nenos con necesidades especiais, ou talleres nos que se integran a música ou a danza con outras disciplinas artísticas, como as artes plásticas ou a arte dramática.

3. En calquera caso, procurarase a máxima flexibilidade nas posibilidades de inscrición dos alumnos nas diversas materias, de acordo cos seus propios intereses.

4. As escolas de música e danza terán plena autonomía pedagóxica e organizativa, sempre que se orienten ós obxectivos e se sometan ás condicións establecidas nesta orde.

Condicións para o funcionamento da escola.

Octavo.

1. O profesorado das escolas de música e danza deberá posuí-la titulación correspondente ó grao medio de música e danza.

2. A Dirección Xeral de Ensinanzas Medias organizará probas para a acreditación da cualificación necesaria para impartir clases nas escolas, naquelas especialidades de instrumento ou danza para os que non exista titulación específica.

3. A contratación do profesorado poderá realizarse a tempo completo, a tempo parcial ou en calquera das modalidades previstas na normativa vixente.

4. O ensino dos ámbitos de formación musical complementaria e actividades de conxunto poderán estar a cargo de profesores cunha titulación específica referida a unha especialidade instrumental.

Noveno.

1. As escolas de música e danza deberán reunirlas condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e seguridade que se esixen na lexislación vixente.

2. As escolas de música e danza deberán contar coa superficie, instalacións e equipamento adecuado ás materias que van impartir e ó número de alumnos que participan nelas. En todo caso, o chan das aulas destinadas á danza será de pavimento flotante, e as escolas de música que impartan ensino de instrumentos de corda ou vento metal terán un fondo de instrumentos de tamaño adecuado ás idades dos alumnos.

3. As instalacións incluirán tamén unha área de administración e dirección.

**Rexistro de escolas de música e danza.****Décimo.**

A inclusión no rexistro de Escolas de Música e Danza será condición indispensable para acceder ós dereitos previstos nesta orde, así como ás subvencións, axudas e beneficios que sexan de aplicación.

**Undécimo.**

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará constar nas súas publicacións e na información que facilite ós administrados sobre a formación en música e danza, aqueles centros que consten no rexistro de Escolas de Música e Danza.

2. As escolas poderán facer uso da súa clasificación na súa publicidade e na súa denominación.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria velará para que os centros que non estean rexistrados teñan denominacións que non induzan a erro coas anteriores.

**Duodécimo.**

1. As escolas de música e danza poderán ser de titularidade pública ou privada.

2. Poderán ostenta-la titularidade de escolas privadas as persoas, físicas ou xurídicas, de nacionalidade española, doutro Estado membro da Comunidade Europea ou doutro Estado en virtude do que estableza a legislación vixente ou se estipule en acordos internacionais. Non poderán ser titulares:

a) As persoas que presten servicios na Administración educativa estatal, autonómica ou local.

b) Os que teñan antecedentes penais por delictos dolosos.

c) As persoas físicas ou xurídicas privadas do exercicio deste derecho por sentencia xudicial firme.

d) As persoas xurídicas nas que as persoas anteriores desempeñen cargos rectores ou sexan titulares do 20 por 100 ou máis do capital social.

**Décimo terceiro.**

A petición de inscrición no rexistro de Escolas diríxirase á Dirección Xeral de Ensinanzas Medias, a través da delegación provincial correspondente, cos seguintes documentos:

a) Solicitud na que conste a denominación específica da escola e a súa situación.

b) Documentación acreditativa da personalidade do promotor e declaración ou manifestación de que non se encontra incursa en ningún dos supostos previstos no apartado décimo segundo.

c) Documentación acreditativa de que o profesorado cumple os requisitos de titulación e relación das materias do plan de formación que impartirá cada profesor.

d) Documentación que acredite os méritos académicos e pedagógicos da persoa que desempeña o cargo de director do centro.

e) Un plan de formación detallado, relativo ás materias que se impartan, incluíndo tanto os aspectos pedagógicos das ensinanzas como a súa organización.

f) Planos de instalacións da escola e referencia á dotación de equipamentos.

g) Número de alumnos que se pretende atender.

**Disposición adicional****Primeira.**

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá asinar convenios para a creación e desenvolvemento das escolas de música e danza de titularidade pública.

2. No marco dos citados convenios poderase prever la utilización de centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por escolas de música ou danza de titularidade municipal, sempre que non exista coincidencia de horarios e con suxección ás necesidades derivadas da programación das actividades dos centros.

**Segunda.**

As escolas de música ou danza poderán expedir credenciais dos estudios cursados polos seus alumnos, sen que, en ningún caso, o seu texto ou formato poidan inducir a confusión cos certificados e títulos con validez académica.

**Disposición transitoria**

Non lle será de aplicación o disposto no apartado oitavo.1 da presente orde ó profesorado dos centros de música ou danza recoñecidos ou autorizados que se transformen en escolas de música e danza, en relación coas prazas que viñesen ocupando.

**Disposición derradeira**

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 1993.

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO

**Orientacións metodolóxicas referidas ós ámbitos de ensino das escolas de música.**

### 1. Música e movemento.

Este ámbito formativo, común para as escolas de música e de danza, está dirixido exclusivamente ós alumnos de idades comprendidas entre os catro e oito anos, co fin de atender, cun tratamento pedagóxico específico, o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas, musicais e motrices que permitan posteriormente a elección dun instrumento ou da danza e unha práctica gozosa e convincente de ámbalas dúas actividades artísticas.

O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e deberá organizarse en dous niveis de dous cursos de duración cada un deles:

—Iniciación, dirixido ós alumnos de catro a seis anos.

—Formación básica, dirixida ós alumnos de seis a oito anos.

Os grupos non deberían supera-los 12 alumnos no nivel de iniciación e os 15 no de formación básica.

É conveniente que os nenos menores de oito anos, antes de iniciaren o estudio dun instrumento ou ben simultaneamente a este, realicen o ou os cursos de música e movemento que correspondan á súa idade, co fin de propiciar situacións de aprendizaxe que favorezan a motivación necesaria, mediante o xogo e a relación cos demais, para o desenvolvemento das súas capacidades expresivas en relación coa música.

Os contidos básicos deste ámbito formativo terán en conta o ensino integrado dos seguintes apartados:

A voz, na súa dobre vertente de linguaxe e canto, como medio de expresión por excelencia nos alumnos destas idades. Nesta fase de sensibilización vocal, os alumnos deberán coñecer e cantar un amplio repertorio de cancións infantís adecuado ó ámbito da súa voz, recitar ritmicamente versos e trabalinguas, escenificar contos e historias, así como descubri-las múltiples posibilidades que ten a voz como instrumento.

O contacto coas fontes sonoras a través de materiais diversos, obxectos e instrumentos, tanto para descubrir, recoñecer e diferencia-las distintas cualidades do son e a súa relación coas materias que o producen, o tamaño deles e a forma de tocalos, como para desenvolver-las capacidades motrices necesarias para a súa utilización.

O recoñecemento e a representación en grañas non convencionais de parámetros referidos á duración, intensidade, altura, timbre, etc.

O desenvolvemento da percepción auditiva e do pensamento musical a través do recoñecemento de distancias interválicas grandes ou pequenas, de improvisacións melódicas libres, de ordenacións formais sinxelas

—imitación, pregunta-reposta ou variación—, de audições asociadas a pequenas narracións ou debuxos, etc., con diversidade de materiais, tanto tonais como atonais, métricos ou de ritmo libre.

O movemento como medio de expresión e de sensibilización motriz, visual e auditiva, para coñece-lo propio corpo, desenvolve-la seguridade rítmica, o sentido espazo-temporal e o sentido da dinámica e favorecer-las relacóns con outros compañeiros e co grupo.

### 2. Práctica instrumental.

Dentro dos ámbitos formativos propios das escolas de música a clase de instrumento configura o núcleo pedagóxico central. A ensinanza instrumental non só permite elixir, en relación cos propios intereses, un medio expresivo a través do cal se desenvolverá unha parte fundamental da formación musical, senón que lle posibilitará ó afeccionado a participación en formacións de conxunto de índole diversa.

De acordo cos obxectivos xerais das escolas de música, a ensinanza dun instrumento, en primeiro lugar, deberá motivar e desenvolver-la afección pola música como fenómeno artístico e medio de comunicación persoal, e en segundo lugar deberá de ocuparse dos procesos que permitan o estímulo e desenvolvemento conxunto das destrezas técnicas e das capacidades expresivas necesarias para o cultivo da práctica interpretativa individual e en grupo.

Os contidos do ensino dun instrumento deberán ter en conta o amplio horizonte musical e a simultaneidade de xéneros, formas e estilos cos que conviven os nenos e mozos de hoxe. Por iso, a multiplicidade de funcións que a música desempeña na nosa sociedade debe verse plasmada nunha oferta educativa que non se limite ó que en termos académicos tradicionais se denominaba música culta, senón que inclúa desde a música tradicional ata as múltiples manifestacións que constitúen unha parte esencial da cultura da xuventude, jazz, pop, rock, etc.

A práctica instrumental poderá organizarse coma un ensino individual ou en grupos de dous ou catro alumnos, caso no que resulta imprescindible ter en conta a similitude de idades e de formación previa dos seus compoñentes. A duración das clases non deberá ser inferior a trinta minutos semanais para a clase individual e corenta e cinco minutos para a clase en grupo. En todo caso, resulta aconseillable que os centros ofrezan distintas posibilidades de matrícula —individual o en grupo— e incluso diferentes ofertas en tempo de clase, co fin de aadecuarse á diversidade de necesidades dos que acoden á escola.

No proceso de ensino e aprendizaxe dun instrumento resulta esencial adaptalo os obxectivos ás características individuais dos alumnos e seleccionalo os materiais didácticos e o repertorio de acordo cos intereses dos mesmos, sen presixar esixencias condicionadas por un programa pre establecido. A clase de instrumento debe